

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 21/07/2020 13:47:55

SAIDA 8250/20

D. Miguel Ángel Delgado González, presidente  
PLADESEMPEGA

Rúa Juan Castro Mosquera 28-2º dcha  
15005 A Coruña (A Coruña)

Expediente: I.5.Q/571/20

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2020

Estimado Sr. Delgado:

A Consellería de Sanidade aínda non nos remitiu a información requirida en relación coa súa queixa, a pesar de que a demandamos en dúas ocasións para urxir o envío do informe.

Ante iso, pola nosa parte, coa data de hoxe, lembrámoslle de novo ao citado órgano o seu deber de colaborar ao rápido esclarecemento da situación que nos expón na queixa (art. 26.1 da Lei do Valedor do Pobo). No caso de persistir esta actitude procederemos a realizar unha advertencia sobre as súas consecuencias legais. Tan pronto como recibamos o correspondente informe poñerémonos de novo en contacto con vostede, dándolle conta da nosa actuación e, se é posible, da solución do seu problema.

Lamento o atraso comentado e reciba un atento saúdo.

PS (art.8 Lei 6/1984)

María Xosé Porteiro García

Adxunta á Valedora do Pobo

(Asinado dixitalmente)



Miguel Ángel Delgado González

prensa@xornalgalicia.com

Solicitante:	Miguel Ángel Delgado González
Asunto:	Información sobre contratacións e adjudicacións á entidade SIBUCU 360 SL
Expdte	SAIP_020/20

O día 06.06.2020 tivo entrada nesta Consellería de Sanidade, solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno solicitude que quedou rexistrada co número 2020/1012713, en síntese manifestaba o seguinte.

*“Solicitud expresa de información y documentación pública, identificando de forma expresa y clara las contrataciones y adjudicaciones a la entidad SIBUCU 360 S.L..”*

O día 08.06.2020 esta solicitude recibíuse na Secretaría Xera Técnica data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro a no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Unha vez analizada a solicitude, esta Secretaría Xeral Técnica resolver conceder o acceso á información a que se refire a solicitude deducida por Miguel Ángel Delgado González:

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen o ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, regula no seu artigo 120 a tramitación de emerxencia, definindo esta como *cando a Administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan un grave perigo o de necesidades que afecten á defensa nacional, e nestes casos o órgano de contratación, sin obriga de tramitar o expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, o contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos pola Ley, incluso o da existencia de crédito suficientes.*





O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, permite a tramitación de emerxencia.

A adquisición de máscaras empresa SIBUCU 360 SL por un importe de 0,48 unitario, prezo este que se encontraba na horquilla mais baixa de prezos nese momento (finais de marzo) cando no mercado chegaron a estar por encima dun euro, unido a que esta empresa tiña un amplo coñecemento do mercado asiático, permitiu que na Comunidade Autónoma de Galicia puidésemos dispoñer de máscaras nun espazo de tempo relativamente curto.

Á vista do exposto informáse dos datos relativos á adquisición de máscaras a empresa SIBUCU 360 SL

Cód. artículo	Nombre artículo	Proveedor	Ref. int. proveedor	Envase	Tipo compra	Precio final	Precio unitario
035013	MASCARA CIRURXICA TIPO II N/ESTERIL C/GOMAS	SIBUCU 360 SL	F200	UNIDADE de 1 UNIDADE	COMPRA CENTRALIZADA	0,48	0,48

Importe total de compra a referida empresa dende o 06.04.2020 ata o 30.06.2020 é 1.595.000,00 €

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo, perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao disposto no artigo 6 e seguintes, da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, no prazo de dous meses ou, previa e postestativamente, reclamación perante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela

O secretario xeral Técnico

Alberto Fuentes Losada  
 (asinado dixitalmente)





Solicitante	Miguel Ángel Delgado González
Enderezo electrónico	prensa@xornalgalicia.com
Asunto	Seguemento resolución da Comisión de Transparencia
Expediente	RSCTG 68/2020

Con data do 21/12/2020 recepciónase da Comisión de Transparencia escrito de 2/10/2020 de don Miguel A. Delgado González en relación coa Resolución de data do 1/10/2020 da referida comisión, que estimou parcialmente as pretensións do interesado no senso de remitirle a información referente a adjudicación de contratos á empresa SIBUCU 360 S.L en períodos anteriores ao remitido ( 6 de abril ao 30 de xuño de 2020), ou comunicar de xeito expreso a inexistencia doutros contratos coa referida empresa.

Ao respecto, remitímoslle informe emitido pola Subdirección Xeral de Compras e Servizos da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde; informe no que se reflicte expresamente que non existe ningunha compra a SIBUCU 360 S.L en períodos anteriores ao remitido ( 6 de abril ao 30 de xuño de 2020).

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral Técnico

Alberto Fuentes Losada


(asinado dixitalmente)





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE  
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tel.: 881 542 726 - Fax: 881 54 27 28  
secretaria.xeral@sergas.gal  
www.sergas.gal



Documento asinado dixitalmente por:  
Alberto Fuentes Losada (05/01/2021 10:17)  
<https://sede.xunta.gal/cve?dcve=SAOC-C4C4-BOAH-OF40-TK77-7GP8-07ZY-E160-9838-2215-98>





**REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 01/10/2020 11:56:35  
**SAIDA 11198/20**

D. Miguel A Delgado González, Plataforma en  
Defensa del Sector Marítimo Pesquero de  
Galicia (PLADESEMAPESGA)  
R/Juan Castro Mosquera 28 2º dereita  
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)  
Expediente. Nº **RSCTG 68/2020**

Correo electrónico: [prensa@pladesemapesga.com](mailto:prensa@pladesemapesga.com)

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) , mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 8 de xullo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 8 de xullo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante a Consellería de Sanidade sobre información e documentación pública, identificando de forma expresa e clara as contratacións e adxudicacións realizadas coa entidade SIBUCU 360 S. L.

A entidade reclamante solicita apertura de expediente fronte ao silencio administrativo.

**Segundo.-** Con data do 9 de xullo de 2020, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 16 de xullo de 2020.

**Terceiro.** Con data 14 de xullo de 2020 a Consellería de Sanidade contesta a petición remitindo copia do expediente no que figura Resolución do 9 de xullo de 2020 do Secretario Xeral Técnico da Consellería de Sanidade pola que se resolve conceder o acceso á información solicitada, indicándolle ao interesado os datos relativos á adquisición de máscaras á empresa Sibicu 360, S.L. coa identificación do nome do artigo, referencia interna de provedor, tipo de envase, tipo de compra, prezo unitario e prezo final e o importe total da compra á referida empresa dende o 6 de abril ao 30 de xuño de 2020.

**Cuarto.-** Con data do 13 de xullo de 2020, a entidade reclamante remite correo electrónico no que comunica que con data do 13 de xullo recibiu, fóra de prazo, oficio da Consellería de Sanidade na que resolve a solicitude con información sen achegar as copias dos documentos ou a web, ligazón da adxudicación, nin o solicitado desde o 1 de xaneiro de 2020, polo que considera que non deu resposta á solicitude, xa que unicamente ofrece información entre o 6 de abril e 30 de xuño de 2020.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as



reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.



O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Consellería de Sanidade non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo, tendo interposto a asociación reclamante o seu escrito de reclamación con data do 8 de xullo de 2020, e posteriormente, con data do 13 de xullo, a Consellería ditou resolución expresa, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A entidade reclamante solicitou información referida ás contratacións e adxudicacións realizadas coa entidade SIBUCU 360 S. L., coa Consellería de Sanidade. Se ben a Consellería non notificou a resolución no prazo dun mes, resolveu concedendo acceso á información solicitada con data do 13 de xullo e detallando na mesma que de acordo co disposto no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola Covid-19, e o artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o contrato coa referida empresa levouse a cabo mediante tramitación de emerxencia, o que posibilita a contratación sen obriga de tramitar o expediente, ordenando a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos pola Lei, incluso o da existencia de crédito suficientes.

Na resolución pola que se concede o acceso, detállase o material adquirido á empresa, indicando entre outros datos, o prezo unitario e importe total da compra á referida empresa dende o 6 de abril ao 30 de xuño de 2020.

Considérase que o contido da resposta dada pola Consellería é a adecuada, toda vez que explica o procedemento de contratación utilizado para a adquisición, os produtos adquiridos

e o prezo unitario e total dos mesmos, se ben a información refírese a un período comprendido entre o 6 de abril e 30 de xuño de 2020, cando a entidade reclamante solicitou copia dos contratos ou adxudicacións realizadas á empresa Sibicu 360, S.L. baixo a emerxencia sanitaria ou non.

Por tanto, procede a estimación parcial da reclamación presentada, debendo a Consellería de Sanidade remitir a información referente a adxudicacións de contratos á referida empresa en períodos anteriores ao remitido (no caso de existir), ou comunicar á entidade solicitante de forma expresa a inexistencia doutros contratos coa referida empresa.

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### ACORDA

**Primeiro:** Estimar parcialmente a reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) con data do 8 de xullo de 2020, contra a resolución do 13 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade pola que se lle dá acceso á información sobre a contratación da dita Consellería coa entidade SIBUCU 360 S. L.

**Segundo:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, complete a información de acordo co fundamento xurídico quinto desta resolución, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da dita información.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.10.01 09:24:21 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
Presidenta da Comisión da Transparencia.



## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 05/02/2020 10:11:42

SAIDA 1632/20

D. Miguel A Delgado González,  
Plataforma en Defensa del Sector  
Marítimo Pesquero de Galicia  
(PLADESEMAPESGA)  
C/Juan castro Mosquera 28, 2º Dcha  
15.505 A Coruña

**Reclamante:** D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)

**Expediente.** Nº RSCTG 151/2019

**ASUNTO:** SEGUIMIENTO DA RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DA TRANSPARENCIA NA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO AMPARO DO ARTIGO 28 DA LEI 1/2016, DO 18 DE XANEIRO, DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

En resposta ao seu correo electrónico que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o día 8 de xaneiro de 2020, polo incumprimento da Resolución da Comisión da Transparencia de data 18 de decembro de 2019, comunícolle que a dita Resolución foi notificada á Secretaría Xeral de Medios o día 3 de xaneiro de 2020. Transcorrido o prazo dado na Resolución, no día de hoxe procedo a remitirle á Dirección Xeral de Medios un recordatorio de cumprimento, así como solicitude de informe sobre a situación do expediente no prazo de 10 días previsto no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo indícolle que respecto ao dereito de acceso á información a Lei 1/2016, carece dunha regulación fronte as consecuencias desfavorables derivadas dos incumprimentos da normativa ou da falta de execución das resolucións emitidas, lembrándolle o seu dereito a interpor o recurso contencioso-administrativo, nos termos indicados na resolución do expediente RSCTG 151/2019.

76706870F MARIA DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C) S6500009C

Firmado digitalmente por  
76706870F MARIA DOLORES  
FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.02.05 10:04:12  
+01'00'

María Dolores Fernández Galiño  
Presidenta da Comisión da Transparencia.